



Premio Xornalístico
Manuel Reimóndez Portela
XXIX Edición, 2024

O Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela ten como obxectivo promover e recoñecer o labor periodístico e dos medios de comunicación así como os artigos escritos en lingua galega.

Ao Premio poderán concorrer persoas que desenvolvan a súa actividade en medios de comunicación de Galicia ou en edicións galegas de medios estatais (tanto en papel coma en formato dixital) en lingua galega ata setembro de 2024.

BASES

1. Convócase a XXIX edición do Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela.
 2. O Premio outorgarase ao mellor traballo ou serie de traballos (ata un máximo de cinco) publicados en lingua galega en calquera dos xornais tanto impresos coma dixitais.
 3. A dotación económica do Premio será de 1.000 €. O Premio estará suxeito ás correspondentes obrigas tributarias. A organización efectuará a debida retención ante a Axencia Tributaria, conforme á normativa aplicable e corresponderá ás persoas premiadas declarar o Premio como unha ganancia patrimonial na súa declaración anual do IRPF.
 4. Ao Premio poderán presentarse traballos publicados ata o 31 de setembro de 2024. O prazo de recepción rematará o 1 de novembro de 2024.
 5. A participación será tramitada de xeito telemático a través dun formulario electrónico dispoñible na web do Concello da Estrada ou premioxornalístico.aestrada.gal
 6. A presentación dos traballos para o XXIX Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela farana as propias persoas que concursan. Poderanse presentar traballos realizados en coautoría, especificando neste caso o nome completo de todas as persoas participantes.
 7. O Premio será nominal e único, polo que se outorgará á persoa ou persoas candidatas que presentasen o traballo e introducisen os seus datos.
 8. Non se aceptarán candidaturas de traballos elaborados de forma directa ou indirecta por calquera membro do xurado.
 9. O xurado deste Premio será designado polo Concello da Estrada, tendo en conta o obxecto, natureza e finalidade do concurso. Estará formado por persoas de recoñecido prestixio tanto no ámbito da literatura coma no do xornalismo. Así mesmo, formará parte do xurado un/ha Secretario/a que actuará en nome do Concello da Estrada.
-



10. A resolución do xurado cualificador será inapelable e darase a coñecer no seu momento. O Premio entregarase na data e lugar que oportunamente se anunciará.
11. O xurado, se así o estima conveniente, poderá declarar deserto o Premio.
12. Os dereitos de propiedade intelectual ou industrial que poidan derivarse dos traballos presentados corresponden ás persoas que concursan. A presentación dunha candidatura ao XXIX Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela non supón a cesión nin traspaso ou renuncia aos dereitos que correspondan aos autores de cada traballo, conservando así todos os dereitos sobre as súas respectivas marcas e calquera outro ben protexido pola lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e industrial. Sen prexuízo do anterior, o Concello da Estrada resérvase o dereito de difundir os traballos gañadores e finalistas a través da páxina web do Premio, así como a través das redes sociais do mesmo ou mediante notas de prensa, insercións publicitarias, entrevistas e/ou exposicións físicas ou dixitais.

A mera presentación dos traballos por parte das persoas concursantes implica a autorización ao Concello da Estrada para realizar as accións sinaladas no parágrafo anterior.

13. A presentación dunha candidatura ao XXIX Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela do Concello da Estrada implica a aceptación das presentes bases. Calquera incumprimento de prazos ou procedementos reflectidos nestas bases privará á persoa candidata da posibilidade de optar ao Premio. No caso de que se detecte por parte da organización que se incumpriu calquera dos puntos descritos nas presentes bases, poderán ser retirados do concurso os traballos presentados que non se axusten ás mesmas.

CONSIDERACIÓNS:

- A organización do Premio resérvase o dereito de realizar cambios na composición do xurado se así o estimase conveniente.
 - Non se admitirán traballos premiados anteriormente.
 - Non poderán optar a este Premio nin as persoas que colaboren coa organización (incluído o xurado) nin familiares destas.
-